



Divulgación

“Non por pequeno é desprezable un idioma”

CURROS ENRÍQUEZ

O galego no mundo, realidade ou ficción?

Sabiades que por número de falantes o galego ocupa o lugar 160 entre as 5.500 linguas do mundo, o lugar 23 entre as 150 linguas europeas e é a segunda lingua europea máis falada entre as non oficiais en ningún estado?. E a isto hai que engadir que o noso idioma ten máis falantes que algunhas linguas oficiais europeas como eslovaco, esloveno, maltés, islandés e gaélico.

Sabiades que a nosa lingua xunto con vasco e catalán, son as tres únicas linguas europeas non oficiais de estados que poden ser utilizadas nas institucións da Unión Europea.

Alén diso engadir que o noso idioma está ben asentado no mundo cultural en Galicia, xa que en 2010 se editaron 2.500 títulos e actualmente a nosa literatura é recoñecida en todo o mundo, feito que ten como consecuencia que o volume de obras literarias galegas traducidas a outras linguas vaia en aumento. Tamén, en galego, existe unha importante produción teatral e audiovisual. Boa mostra disto témola na presenza cada vez maior de actores galegos nas nosas producións. O noso mundo audiovisual estase convertendo na plataforma de lanzamentos para a súa incorporación no mundo audiovisual castelán, exemplo disto son Luis Tosar e María Castro entre outros que iniciaron a súa traxectoria profesional na RTVG.

Sabidades que o galego é lingua de uso en internet, que existe a opción de seleccionar o galego como lingua predeterminada tanto nas aplicacións máis utilizadas na rede como nos navegadores: Firefox, Chrome ou Explorer; os buscadores Google ou Bing e as redes sociais Facebook e Tuenti. Así como tamén os xestores de contidos Wordpress ou Xoops e os distintos tradutores e aplicacións comerciais e de software libre presentan o galego como lingua de uso.

O galego encóntrase entre as 30 linguas máis usadas na internet no mundo, por diante de linguas que o triplican ou quintuplican en número de falantes. No que atinxe á Wikipedia, atendendo á calidade, a Galipedia ocupa o posto número 36 e segundo o número de artigos, o número 43.

Sabiades que o galego se estuda en máis de corenta universidades. A maior parte delas teñen lectores -licenciados en Filoloxía Galega ou en Tradución e Interpretación- asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua e cultura galegas adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática, cursos de conversa, lingua e civilización, literatura etc.). Podemos atopalos en universidades de Alemaña, Arxentina, Brasil, Chile, Croacia, España, EEUU, Finlandia, Francia, Hungría, Italia, Irlanda, Polonia, Portugal, Reino Unido ou Rusia.

A isto hai que engadir que moitos estudantes destes e doutros países asisten durante o verán aos cursos de lingua e cultura galegas para persoas de fóra de Galicia que organiza a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua.

Sabiades que o galego é intercomprensible oralmente e por escrito co portugués, por iso os galegofalantes teñen un acceso moi doado a 250 millóns de persoas que se expresan en portugués, a sexta lingua máis falada no mundo. Co galego podemos percorrer territorios lusófonos como Portugal, Brasil, Angola, Mozambique, Guinea-Bissau, Cabo Verde, Timor Leste, Macau-China... entendendo e facéndonos entender sen problemas.

Seriades quen agora de responder a pregunta que iniciaba o artigo:
O galego no mundo, realidade ou ficción?

Algúns fragmentos están extraídos do Portal da Lingua Galega e da Páxina da RAG

